



Concello de Xove

Xestor de Expedientes. Expediente núm.:1005/2022
Procedemento: CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS EN CONCORRENCIA NON COMPETITIVA.- AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL
DOCUMENTO ASINADO POR: A TRABALLADORA SOCIAL

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA E MEDIANTE TRAMITACIÓN ANTICIPADA DO GASTO, DAS AXUDAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O EXERCICIO 2023

O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de contribuir a eliminar as situacións de marxinación social cando as ditas situacións non podan ser atendidas polas prestacións económicas individualizadas da Xunta de Galicia e tratando de aunar o obxectivo da atención efectiva ás necesidades sociais e o establecemento de un procedemento normativo áxil, pois tan importante é dispoñer de un instrumento normativo que asegure os principios de igualdade e equidade como que o procedemento que desenvolva permita actuar con dilixencia para resolver con inmediatez os problemas de marxinación social, no exercicio das facultades conferidas pola normativa vixente e, en especial pola Lei 7/85, de 2 de abril, fórmulanse as presentes bases que regulan as axudas para situacións de emerxencia social.

PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO

1.- Constitúe obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento de axudas de emerxencia social, consideradas tales como as prestacións económicas de carácter non periódico destinadas a aquelas persoas cuxos recursos resultan insuficientes para facer fronte a gastos específicos de carácter ordinario ou extraordinario necesarios para previr, evitar ou paliar situacións de marxinación social.

2.- Están dirixidas a persoas individuais ou unidades familiares que carezan de medios e nas que concorran factores de risco, constituíndo en todo caso, un apoio á intervención social que se xestione para a integración das persoas ou unidades afectadas.

3.- As axudas de emerxencia social terán en todo caso natureza finalista, debendo destinarse únicamente ao obxecto para o que foron concedidas.

4.- Terán carácter intransferible e polo tanto non poderán:

- a) Ofrecerse en garantía de obrigas
- b) Ser obxecto de cesión total ou parcial

c) Ser obxecto de compensación ou desconto, salvo para o reintegro das prestacións indebidamente percibidas





Concello de Xove

SEGUNDA.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN, TRAMITACIÓN ANTICIPADA DO GASTO E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A presente convocatoria suxéitase ao réxime de tramitación anticipada do gasto regulado no artigo 56 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 25 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. A concesión das axudas queda polo tanto condicionada expresamente á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

De acordo co establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia, esta liña de axudas tramítase na modalidade de concorrencia non competitiva, de xeito que as solicitudes serán atendidas sen comparación con outras solicitudes ata o esgotamento do crédito dispoñible. No seu artigo 19.2 a antedita Lei establece que as bases reguladoras das convocatorias das axudas poderán excepciónar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único orzamento ata o esgotamento do crédito orzamentario, coas garantía previstas no artigo 31.4 desta Lei, que establece que no momento do esgotamento da partida orzamentaria asignada non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar del, salvo que se recorra a un incremento do crédito orzamentario ou se recorra a unha nova convocatoria, do xeito establecido no artigo 31.2 da lei anterior.

De conformidade co disposto no artigo 30.7 da LXS, a concesión destas subvencións non requerirá outra xustificación que a indicada nas Bases Cuarta e Quinta, sen prexuízo dos controis que se podan efectuar con posterioridade, que se extenderán á totalidade dos beneficiarios. A elección deste procedemento ven xustificada pois, pola propia natureza das axudas e a súa concesión ven determinada polo cumprimento por parte dos solicitantes dos requisitos establecidos nas propias Bases reguladoras.

A contía máxima destinada ás presentes axudas é de 5.000,00 € (partida 231.480 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal).

TERCEIRA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Sempre e cando se reúnan os requisitos establecidos nas presentes bases, exceptúase o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas non sendo necesario polo tanto a comparación entre as mesmas, co límite do crédito orzamentario existente para a convocatoria.

CUARTA.- TIPOS E CONTÍA DAS AXUDAS





Concello de Xove

5.1.- Tipos de axudas

1.- Situacións derivadas da falta de recursos económicos que impidan a cobertura das necesidades básicas:

a) Axudas paliativas de situacións de necesidade persoal tales como alimentación, roupa, vestido, axudas á escolarización, etc.

b) Axudas dirixidas ó mantemento da vida no propio domicilio (situacións carenciais que non se contemplan nos programas de axuda a domicilio ou de educación familiar), tales como adquisición de mobiliario ou electrodomésticos de primeira necesidade, reparacións urxentes, luz e auga corrente, creación de sanitarios, etc.

2.- Situacións imprevisibles de emerxencia que xeren un gasto especial, axudas de carácter puntual ás que os usuarios non podan facer fronte por carencia de recursos:

a) Desafiuamentos

b) Incendios ou catástrofes naturais que afecten gravemente á vivenda

c) Accidentes de calquera tipo que afecten gravemente á economía familiar e que impliquen a realización de gastos de carácter extraordinario e urxente.

3.- Situacións especiais sobrevidas por causa do padecemento dunha enfermidade grave que implique traslados, tratamentos, axudas técnicas ou calquera outra necesidade que requira gastos adicionais de importancia, e que non estean cubertas na súa totalidade polo sistema público de saúde.

4.- Situacións que provoquen ou tendan a provocar a marxinación de persoas que as padecen (drogadición, alcoholismo, persoas sen teito...)

5.- En ningún caso se concederá unha axuda de emerxencia social para o pagamento de obrigas tributarias, débedas coa Seguridade Social, multas ou taxas municipais así como gastos derivados de unha sentenza xudicial.

6.- Para o caso particular de transeúntes, poderán concederse axudas en especie consistentes en vales de comida por importe máximo de 15 euros con un tope máximo de tres vales anuais.

Igualmente, para o caso particular de persoas drogodependentes, poderán concederse axudas en especie consistentes no abono do billete de transporte para o traslado á Unidade Asistencial de Drogodependencia de Burela, condicionado á emisión de informe mensual de asistencia pola responsable da U.A.D.

5.2.- Contías

En todo caso, a determinación da contía económica concreta das axudas virá dada polas disponibilidades presupostarias existentes.





Concello de Xove

As contías a conceder non superarán o orzamento de gastos presentado polo solicitante de acordo coa Base Sétima. Non obstante, terán os límites anuais que se especifican a continuación:

Alimentación, vestido e/ou enxoval doméstico: Tres meses consecutivos ou ben unha vez cada catro meses ao longo do ano.

Para as axudas de alimentación, según os membros da unidade económica de convivencia o tope máximo será de:

U.E.C. de 1 ou 2 membros: Ata un tope máximo de 600 euros anuais.

U.E.C. de 3 membros: Ata un tope máximo de 650 euros anuais.

U.E.C. de 4 membros: Ata un tope máximo de 700 euros anuais.

U.E.C. de 5 ou máis membros: Ata un tope máximo de 800 euros anuais.

Para as axudas de roupa, calzado e/ou menaxe doméstico, según os membros da unidade económica de convivencia, o tope máximo será de:

U.E.C. de 1 o 2 membros: Ata un tope máximo de 100 euros anuais.

U.E.C. de 3 membros: Ata un tope máximo de 150 euros anuais.

U.E.C. de 4 membros: Ata un tope máximo de 200 euros anuais.

U.E.C. de 5 o mais membros: Ata un tope máximo de 300 euros anuais.

Leite maternizada e/ou pañais: Seis meses consecutivos ata un tope máximo de 400 euros con informe médico xustificativo da necesidade da mesma.

Atención sanitaria: 3 meses consecutivos, ou ben unha vez cada catro meses ó longo do ano ata un tope máximo de 600 euros e con informe médico xustificativo de que o medicamento/tratamento, elemento protésico e/ou axudas técnicas non se poida adquirir polo Sergas. No caso que sexa posible, a emerxencia social, cubrirá ata un máximo do 50% do custo.

Gastos de vivenda:

Habitabilidade: O importe total en ningún caso excederá de 200 euros no prazo máximo de 1 ano.

Mantemento: O importe total en ningún caso excederá de 240 euros no prazo máximo de 1 ano.

Impago de subministro da vivenda: O importe total en ningún caso excederá de 150 euros no prazo máximo de 1 ano.

Actividades extraescolares:

Aquelas que se leven a cabo a través das ANPAS e outras entidades de carácter social e que teñan como obxectivo a integración: ata un máximo de 200 euros por unidade económica de convivencia por curso escolar.

Con carácter xeral, as axudas tramitaranse para atender un só concepto, e só con carácter excepcional motivado mediante informe da traballadora social poderán especificarse varios conceptos, en cuxo caso o importe máximo da axuda será o que corresponda á suma de ambos





Concello de Xove

conceptos, sen que en ningún caso podan superarse as contías máximas determinadas para a anualidade correspondente.

QUINTA.- BENEFICIARIOS

Poderán solicitar unha axuda de emerxencia social, para sí ou para a unidade familiar, as persoas maiores de idade empadroadas e con residencia efectiva no Concello de Xove cunha antelación de seis meses ao feito causante da solicitude. Excepcionalmente, mediante informe social valorativo, poderán ser beneficiarios destas axudas aquelas persoas empadroadas e con residencia en Xove que se atopen nunha situación de urxencia social, aínda cando non cumpran o período mínimo de empadramento establecido.

Na unidade familiar tan só unha persoa pode ter a condición de beneficiario, aínda que a axuda se outorgue en beneficio da unidade.

A estes efectos, enténdese por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e, no seu caso, os fillos e fillas menores de 18 anos, con excepción dos que, con consentimento dos pais vivan independentes destes, e os fillos maiores de 18 anos cunha minusvalía superior ao 33% e os incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada ou os así declarados pola administración autonómica. Nos casos de separación legal ou cando non existira vínculo matrimonial, a unidade familiar estará formada polo pai ou nai e tódolos fillos e fillas que convivan con un ou outro e reúnan os requisitos descritos no parágrafo anterior.

SEXTA.- SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

1.- Os interesados na obtención destas axudas deberán formular a súa solicitude no modelo establecido ao efecto, acompañando a seguinte documentación:

- D.N.I. do solicitante
- Libro de Familia, senteza de separación ou divorcio ou no seu caso, certificado de rexistro de parellas de feito expedido pola Comunidade Autónoma.
- Certificado de Empadramento
- Orzamento de Gastos para os que solicita a axuda (só naqueles casos que sexa posible)
- Certificación da conta bancaria á que se pode transferir, no seu caso, o importe da axuda
- Xustificantes de ingresos referidos a todos os membros da unidade económica de convivencia que serán os seguintes:
 - a)Declaración da renda correspondente ao último ano ou certificado de rendas expedido pola Delegación da Axencia Tributaria.
 - b)Nóminas actualizadas de todos membros da unidade económica de convivencia.
 - c)No caso de percibir una pensión de xubilación, viudedade, orfandade ou incapacidad, deberá presentarse xustificantes do Organismo





Concello de Xove

correspondente.

d) No caso de percibir axudas públicas por calquera concepto, certificado ou xustificante ao respecto do organismo dende onde se conceda, no seu defecto achegar certificación negativa.

e) Calquera outro documento que acredite a carencia ou o nivel de ingresos da persoa ou da unidade familiar.

En caso de insuficiente xustificación documental da situación económica por resultar imposible dispor dela, requirírase ao solicitante que aporte unha declaración responsable na que se faga constar, no seu caso, a carencia absoluta de rentas familiares.

-Declaración responsable de non atoparse incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario, no modelo que se facilitará ao efecto (artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións)

-Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade ou que teñan o carácter de axuda de emerxencia social.

-Para o caso particular e excepcional dos transeúntes a única documentación que deberán aportar será una fotocopia do N.I.F ou calquera outra documentación que acredite a súa identidade.

2.- As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Municipal do Concello ben de xeito presencial ou por calquera outro procedemento previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de adoeecer de defectos subsanables, requirírase, no seu caso, ao interesado para que proceda á subsanación de erros ou para a aportación da documentación necesaria nun prazo de 10 días hábiles, apercibíndolle que en caso contrario entenderáselle por desistido da súa petición, de conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

3.- Poderán presentarse solicitudes durante todo o ano natural ata o límite máximo do crédito orzamentario.

SÉTIMA.- INSTRUCCIÓN E TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO

1.- A instrucción do procedemento corresponderá ao Departamento de Servizos Sociais. A traballadora social ditará o Informe-Proposta de Resolución debidamente motivada (situación de necesidade extraordinaria, situación económica do solicitante ou da unidade familiar, etc.), que en cada caso proceda e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos que se debe formular a proposta de resolución.

3.- A resolución notificarase aos interesados de xeito ordinario e concederáselles un prazo de 10 días para a presentación de alegacións. Prescindirase deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos ou outras alegacións e probas que as aducidas polas persoas interesadas. Neste caso, a proposta de resolución provisional formulada terá o carácter de definitiva.





Concello de Xove

4.- As propostas de resolución provisionais e definitivas non crean ningún dereito a favor da persoa beneficiaria proposta, fronte á administración, mentres non se lle notificara a resolución definitiva de concesión.

5.- A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas corresponderá á Xunta de Goberno Local. Non obstante e dado o carácter de urxencia de moitas das axudas que podan concederse debido á propia definición das mesmas, concederanse mediante Resolución de Alcaldía. Na última sesión do ano da Xunta de Goberno Local darase conta das axudas de emerxencia social concedidas e xustificadas no mesmo.

OCTAVA.- CAUSAS DE DENEGACIÓN DAS SOLICITUDES

Serán denegadas motivadamente aquelas solicitudes nas que pese a cumprir cos requisitos establecidos nas presentes bases, poida concorrer algunha das seguintes circunstancias:

- 1.- Que exista persoa legalmente obrigada e con posibilidade de prestar axuda ao solicitante
- 2.- Que a axuda solicitada non sexa adecuada para a resolución da problemática plantexada
- 3.- Que non exista crédito suficiente para a atención da solicitude
- 4.- Que no prazo dos doce meses anteriores á solicitude lle fose extinguida ou revogada calquera outra axuda ou prestación social por incumprimento por parte do beneficiario das condicións establecidas na súa concesión.
- 5.- Que non se xustificasen debidamente as axudas concedidas.

NOVENA.- MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e eventualmente á súa revogación e reintegro, se fose o caso.

DÉCIMA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Os solicitantes das axudas están obrigados a:

- Aplicar as prestacións económicas á finalidade para a que se outorgaron
- Comunicar ao servizo social do Concello todas aquelas variacións habidas na súa situación socio-familiar, que podan modificar as circunstancias que motivaron a solicitude.
- Reintegrar o importe das prestacións indebidamente percibidas
- Comparecer ante o Concello e colaborar co mesmo cando sexa requerido para iso con motivo da xestión das prestacións de emerxencia.

UNDÉCIMA.- PRAZO E PRESENTACIÓN XUSTIFICATIVA DO GASTO.





Concello de Xove

As axudas concedidas para alimentación, para paliar situacións especiais sobrevidas por causa do padecimento dunha enfermidade grave que implique traslados, tratamentos, axudas técnicas ou calquera outra necesidade que requira gastos adicionais de importancia, e que non estean cubertas na súa totalidade polo sistema público de saúde, as concedidas para evitar situacións que provoquen ou tendan a provocar a marxinação de persoas que as padecen (drogadición e/ou alcoholismo) e aquelas que se concedan para leite maternizada e/ou cueiros, deberán estar xustificadas no prazo de 3 meses desde a concesión da axuda, e no caso de concederse no último trimestre do ano, deberán estar xustificadas no primeiro mes do seguinte exercicio.

As axudas concedidas para roupa, calzado, adquisición de mobiliario e/ou electrodomésticos, falta de pagamento de subministracións, habitabilidade da vivenda ou para actividades extraescolares, o prazo de xustificación do gasto será en todo caso de 1 mes. Se a axuda concédese no último mes do ano, o prazo máximo de xustificación será o primeiro mes do seguinte exercicio.

As axudas concedidas xustificaranse mediante factura (ou documento xustificativo equivalente) do gasto realizado no concepto para o que foran concedidas.

Deberá aportarse ademais a seguinte documentación:

-Declaración xurada de outras axudas concedidas para a mesma finalidade por outras administracións ou entes públicos ou privados

-Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da axuda así como da realización do gasto subvencionado e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida (modelo que se facilitará ao efecto)

-Consente á previsión establecida no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (*salvo que pola natureza da subvención se exceptúe pola súa normativa reguladora*), dado que a normativa autonómica tamén se pronuncia no mesmo sentido, exonérase do requisito de estar ao corrente das obrigas tributarias aos beneficiarios deste tipo de axudas, posto que precisamente van dirixidas a paliar situacións excepcionais de emerxencia social e coas que se pretende cubrir necesidades específicas de carácter básico e urxente, tales como gasto imprescindibles para o uso da vivenda habitual, necesidades básicas familiares ou nos que concorran outras circunstancias de gravidade, dificilmente conciliables co requisito de estar ao corrente coas obrigas tributarias.

DUODÉCIMA.- REVOGACIÓN DAS AXUDAS

A utilización da axuda para finalidade distinta daquela para a que foi concedida constituirá causa determinante da revogación da axuda e do seu inmediato reintegro, previo requirimento polo órgano competente.

Igualmente, a falsidade ou ocultamento de calquera dos datos declarados polos solicitantes poderá dar lugar á revogación da axuda





Concello de Xove

solicitada e a esixencia do reintegro das cantidades entregadas, no seu caso.

DÉCIMOTERCEIRA.- COMPATIBILIDADES

Ningunha das axudas previstas nas presentes bases é incompatible con calquera outra axuda concedida por outras administracións ou institucións, públicas ou privadas, sempre que en todo caso, o montante global das axudas non supere o custe económico da necesidade que se pretende atender.

Serán incompatibles estas axudas de emerxencia co disfrute de servizos dispensados por outras administracións ou institucións, públicas ou privadas, que atendas integramente a mesma finalidade ou necesidade.

DÉCIMOCUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A presentación dunha solicitude de axuda supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente.

*O órgano xestor,
Asdo. Ana de la Barrera Vila
DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE*

